

EXPOSICIÓN DE MÚSICA  
EN GALEGO  
DO SÉCULO XXI

**CAN**  
**TÁ**  
**GALE**  
**GO**

*mola  
en*



## **CantáMOLA en galego (2000-2020)**

### **Exposición sobre a música en galego do século XXI**

A música cantada é unha ferramenta fundamental para vivirmos en galego, mais tamén para enriquecer a lingua que usamos ou até para achegarnos a ela e empezar a aprender. Ademais, un dos indicadores da vitalidade dunha lingua é a súa utilidade como expresión da creatividade; consonte isto a lingua galega está moi presente tanto nas creacións que se fan en Pontevedra como nas que se fan no noso país. A música en galego tamén gusta e atopa público alén das nosas fronteiras porque, de todas as artes, quizais a música sexa a linguaxe máis universal. Porén, non é doado atopar canles onde termos unha panorámica completa que nos permita coñecer e escoller, cando en galego hai música de diferentes estilos e ritmos, para todos os gustos.

Por todo isto, o Concello de Pontevedra desde Normalización Lingüística, puxo en marcha a primeira exposición que percorre o panorama musical en galego dentro e fóra de Pontevedra nas dúas primeiras décadas deste século. Con formato multimedia, a mostra busca conectar a inmensa variedade de estilos musicais con cadanseu público, especialmente co mozo. Para iso, creáronse vinte e dous paneis con información visual e gráfica, listaxes de reprodución en Spotify e Youtube, unha unidade didáctica dirixida ao ensino secundario e un catálogo; estes dous últimos están na Rede para descarga libre e mais editados en papel. Coidouse o deseño, a exquisita selección de contidos e os formatos escollidos: lonas de doada montaxe e transporte para espazos pechados e un lucido formato xigante para espazos grandes e para a rúa.

#### **Obxectivos xerais**

- Compilar unha panorámica xeral da música creada en galego nos primeiros vinte anos do século XXI
- Mostrar a presenza da lingua nas iniciativas musicais en Pontevedra
- Facer visible e accesible a enorme variedade de música actual que se vén facendo en galego nos últimos anos
- Rachar cos prexuízos que consideran que a lingua galega non se usa en contextos modernos, innovadores e de interese para a mocidade
- Dinamizar o consumo de música feita en lingua galega

#### **Obxectivos específicos**

- Achegar a mocidade á música en galego
- Facilitar recursos e ferramentas para integrar a música en galego nas aulas
- Ofrecer cancións e distintos estilos musicais como recurso lingüístico para quen xa fala galego, para quen quere falar máis e para quen quere aprendelo
- Visibilizar a presenza da lingua galega no contexto urbano de Pontevedra

#### **A quen se dirixe:**

A mostra diríxese a todas aquelas persoas que gusten de escoitar música en xeral e, particularmente, a quen busca recursos para mellorar, activar ou aprender a nosa lingua; de maneira especial á xente nova.

O público específico é a mocidade, ao ser o elemento central para ampliar o número de galegofalantes, pensouse nun material que fose útil para os centros de ensino; de aí a estética dos materiais, a organización de contidos e os soportes escollidos.

## Recursos que ofrece CantáMOLA

### A exposición componse dos seguintes elementos:

- Unha **listaxe de reprodución** en Spotify con 291 temas <https://ponte.gal/musica-cantamola> (a ligazón está dispoñible nos anexos).
- Unha **canle de Youtube** con 77 vídeos que mostran tendencias variadas
- <https://ponte.gal/youtube-cantamola> (a ligazón está dispoñible nos anexos).
- Catorce **paneis xerais** sobre o panorama musical en galego nas dúas primeiras décadas do século XXI, tendo en conta os diversos estilos. A selección das listaxes e dos contidos da parte xeral foron creados polo crítico musical Pepe Cunha.
- Oito **paneis locais**, centrados nas iniciativas, recursos e oferta de música no concello de Pontevedra. Os contidos foron creados pola xornalista Teresa Cuíñas.
- Unha **unidade didáctica** creada pola escritora e filóloga Rosalía Fernández Rial e recomendada para secundaria: <https://ponte.gal/expo-cantamola> (a ligazón está dispoñible nos anexos).
- Un **catálogo** da exposición deseñado por Capicúa, tamén responsable do deseño da exposición. <https://ponte.gal/expo-cantamola> (a ligazón está dispoñible nos anexos).

## Formatos

**Itinerante.** A mostra concibiuse para a súa itinerancia por centros de ensino e outros espazos públicos; de aí que se deseñase en paneis en formato transportable e de fácil montaxe: 14 lonas de 200x100 cm montadas en cadanseu soporte tipo *roll up* para a parte xeral e unha estrutura tipo display-biombo con 4 seccións pregables en vertical e con 8 mini-paneis de información (60x90 cm cada un; en total 250x190 cm) para a parte centrada nos espazos pontevedreses. A información dos paneis complétase coas listaxes de reprodución e coa unidade didáctica.

**Xigante.** A inauguración da mostra realizouse en formato xigante, en seis cubos de 1mx1mx2,20m. Púidose visitar na céntrica praza de Ourense durante o mes de maio de 2021. Paralelamente, organizáronse tres visitas guiadas polos comisarios Pepe Cunha e Teresa Cuíñas.

**Na Rede.** Todos os compoñentes da mostra están dispoñibles na Rede, para o seu uso de balde.

## Contidos dos paneis

**Panel 1. INTRODUCCIÓN.** Co século XXI e a chegada de Internet e as facilidades de gravación e difusión, a música cantada en galego abriuse a estilos musicais que antes non empregaba.

**Panel 2. SER UNHA MESMA – CANCIÓN DE AUTORÍA.** Propostas con selo de seu, onde a figura da vocalista-compositora é máis protagonista.

**Paneis 3 e 4. POP-ROCK.** Dentro do pop-rock as bandas son moitas; unhas máis orixinais ou alternativas e outras máis clásicas, pero todas enchidas da electricidade das guitarras, o baixo e a batería marcando o ritmo...

**Panel 5. MÚSICAS URBANAS, ELECTRÓNICA, EXPERIMENTACIÓN.** Sons argallados coas posibilidades das computadoras, sintetizadores e outros trebellos.

**Panel 6. RAP / HIP HOP.** Se pensamos na palabra, en mensaxes e discursos con rima, en retórica, coincidiremos en que o rap é o recurso estilístico por excelencia. En galego tamén.

**Paneis 7 e 8. Máis TRADI... ou menos TRADI.** Con artistas ás veces máis fieis á tradición e outras a darlle unha volta, o noso país é referente en música tradicional, de seu, propia.

**Panel 9. SE ISTO NON SE AMAÑA, CAÑA, CAÑA, CAÑA.** Letras con compromiso político e crítica social unida ao punk, rock duro, metal, heavy...

**Panel 10. MESTIZAXE / RITMOS DO MUNDO.** Os máis habituais pop e rock fúndense con ritmos xurdidos noutras parte do mundo: ska, funk, disco, cumbia, reggae, kletzmer...

**Panel 11. INFANTIL E FAMILIAR.** Un feixe de proxectos para cantarmos letras divertidas e sensibles en familia sen descoidar a calidade e diversidade musical.

**Panel 12. XUNTAS E REVOLTAS. E HUMOR.** Os discos recompilatorios e tributos son outra fonte de cancións en galego e o humor tamén está presente en varias propostas.


**Panel 13. SINGULARES / ÁS VECES.** Non podemos esquecer traballos puntuais ou particulares e as artistas que de cando en vez gravan na nosa lingua.

**Panel 14. CONCLUSIÓN E RECURSOS.** Para animar a consumir máis música en galego e propoñemos lugares de encontro para atopala.

**Paneis centrados en Pontevedra.** Compilan recursos do Concello (de formación e de práctica) á disposición da cidadanía e un sumario dos eventos culturais (de iniciativa


pública e privada) máis importantes que se celebran no municipio e que teñen na música popular contemporánea un dos seus eixos.

## Catálogo da exposición



<b>EXPOSICIÓN parte I: cantáMOLA en galego</b> .....	3
Introdución .....	4
Ser unha mesma. Canción de autoría .....	6
Pop-Rock I .....	8
Pop-Rock II .....	10
Músicas urbanas, electrónica, experimentación .....	12
Rap, hip-hop .....	14
Máis tradi .....	16
... ou menos tradi .....	18
Se isto non se amaña, caña, caña, caña. Letras comprometidas e sons duros .....	20
Mestizaxe. Ritmos do mundo .....	22
Infantil e familiar .....	24
Xuntas e revoltas .....	26
O humor .....	27
Singulares. Ás veces .....	28
Conclusión e recursos .....	30

<b>EXPOSICIÓN parte II: Como soa o século XXI en Pontevedra</b> .....	33
Introdución .....	34
Escenario Pontevedra .....	35
Galego Rock .....	36
Surfing the Lérez .....	37
Cabos Soltos .....	38
Xeración Sónica .....	39
Local de Música .....	40
<b>UNIDADE DIDÁCTICA</b> .....	43



### **Onde estivo ata o momento:**

O formato xigante:

- Mes de maio de 2021: estrea da exposición na rúa, na céntrica praza de Ourense de Pontevedra. Houbo tres visitas guiadas por Pepe Cunha.
- Novembro de 2021: Culturgal, no vestíbulo do Pazo da Cultura
- Desde o 29 de novembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022: na avenida de Alexandre Bóveda, zona de acceso ao Pazo da Cultura, recinto feiral e á zona da xunqueira, con varios centros de ensino infantil, primario, secundario, ciclos formativos, escola de idiomas e campus universitario.

O formato itinerante:

- Setembro de 2021 : Encontro profesional das músicas galega e portuguesa Músicas do Miño (MUMI)
- Actualmente en itinerancia polos centros de ensino do concello de Pontevedra.
- Está prevista a itinerancia fóra do concello de Pontevedra. A partir do verán poderá visitarse en concellos, centros de ensino e outras entidades que xa solicitaron a mostra en préstamo.

A mostra, pódese solicitar en préstamo no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

### **Avaliación**

A necesidade e a utilidade de materiais deste tipo e de poñer en valor as creacións feitas na nosa lingua quedan demostradas na listaxe de solicitudes pendentes de atender para o préstamo da exposición; sobre todo chegan desde centros de ensino e concellos.

Os medios de comunicación tamén recolleron a iniciativa; hai algúns exemplos recollidos nos arquivos anexos ao proxecto. Ademais, mostra foi finalista nos Premios Martín Códax da Música do ano 2021 no apartado Organistrum-Espazos de Comunicación Musical.